

A CAIXA DOS
Sorrisos

LIBROS PARA LER,
RIR E APRENDER

CANDO MEDRE –QUE ILUSIÓN!–, QUE SEREI DE PROFESIÓN?

CARMEN GIL
DEBUXOS JESÚS AGUADO




cumio

Que importante é a **bombeira!**
Con escaleira e mangueira,
rescatou un can sen rabo
dun incendio no oitavo.
Se a chamas, xa verás
como acode nun tristrás.



A **astronauta**, na astronave,
pasalo ben ela sabe.
Que sorte poder viaxar
polo espazo estelar!
Se algún día ve un marciano,
diralle adeus ao fulano.



O **cociñeiro** en persoa
pon o gorro por coroa
e por cetro un cullerón.
É monarca do fogón,
reinando sobre a ola,
sobre o cazo ou a tixola.

